

Bo día !

Xa estamos na segunda semana de confinamento. Agardo e desexo que todas/os esteades ben. Ánimo!.

Acabo de mandarvos os apuntamentos de dialectoloxía. Nas probas ABAU este tema cae pouco, pero **ollo!** isto non quere dicir que non poida caer. Fixádevos no exame de xuño 2015 **opción A** (cuestión 4). Así é como, posiblemente, volo poidan preguntar. Xa que logo, con que saibades as características principais dos tres bloques lingüísticos do galego chega.

MÁNDOVOS OS EXAMES SELECTIVIDADE 2015.

En 2º bacharelato B fixemos un repaso de gramática e sintaxe, pero en 2º A non nos deu tempo, por iso mándovos os exercicios coas respostas. Tentade facelos sen mirar as solucións.

REPASO

Xullo 2019

5. "Os médicos están a enganarnos mais eles non o saben. Os visitantes médicos están a enganar os médicos, mais tampouco o saben. As compañías farmacéuticas están a enganarnos a todos, alguén dentro delas sábeo. Isto vén a conto porque, segundo parece, é probable que algún dos medicamentos que nos receitan non fagan o efecto desexado ou polo menos non coa eficacia que proclaman os posuidores das patentes. Esta pouco saudable nova é unha das lecturas que se poden extraer dun traballo realizado por uns investigadores da Universidade de Toronto e publicado recentemente no *British Medical Journal*."

Neste parágrafo do texto aparecen exemplos de tres tipos básicos de construción coordinativa: copulativa, disxuntiva e adversativa. Localízaos, identifica o seu tipo e comenta brevemente en que se diferencian. [1 punto]

Criteria CIUG xullo 2019

Pregunta 5: 1 punto

Outórganse 0'60 puntos pola localización dos exemplos dos tres tipos de construcións coordinativas adecuadamente identificadas (a razón de 0'20 c./u.) e 0'40 puntos polo breve comentario solicitado (a razón de 0'15 polo comentario correspondente a cada construción, sen exceder a puntuación total). O comentario pode facerse de maneira conxunta ou segregada, indistintamente.

Xuño 2019 opción A

4. Contesta as seguintes preguntas relativas ao uso da preposición **a**. Xustifica as respostas: (en verde no texto) [1 punto]

a) *aquela muller amaba os gorilas*: podería levar preposición **a** o complemento directo?

b) *unha meiga que castigaría a aquel que fixese dano aos gorilas*: podería usarse a preposición **a**

nestes dous casos?

5. Analiza sintacticamente a seguinte oración: En ocasións, Dian Fossey combateu esta práctica xogando coa superstición dos indíxenas. (Subliñada no texto) [1 punto]

Criterios CIUG xuño 2019

Pregunta 4: 1 punto

Pola resposta correcta e ben xustificada do primeiro exemplo -enunciado (a)-, outórganse 0'40 puntos. Polas correspondentes ás dúas preposicións do enunciado (b), 0'30 puntos cada unha. Se a resposta é acertada pero non xustificada ou está mal xustificada, concederáse 0'15 puntos para cada caso. [NB: Non é correcta a introdución da preposición no exemplo do enunciado (a) nin a súa supresión nos dous casos do enunciado (b).]

Pregunta 5: 1 punto

Valorarase a axeitada identificación das funcións e das categorías ou unidades sintácticas que as desempeñan. Admítese calquera modo de representación da análise así como as diversas terminoloxías, sempre que se empreguen de xeito coherente. Ítems de referencia na corrección (ata 0'15 puntos cada un deles, cun máximo de 1 punto):

1. *En ocasións*: FP – CCirc (Tempo)
2. *Dian Fossey*: FN – SUX
3. *combateu*: Verbo – Predicado (ou Núcleo da FV-Predicado)
4. *esta práctica*: FN – CDirecto
5. *xogando coa superstición dos indíxenas*: Or. subord. de xerundio – CPtvo de SUX (ou CCirc Modo)
6. *coa superstición dos indíxenas*: FP – CPreposicional (de xogar, non de combater) (ou CCirc)
7. *dos indíxenas*: FP (ou FN con de) – Mod (ou CN) de superstición

Dos 0'15 puntos de cada ítem, 0'10 corresponden á identificación da función e 0'05 á identificación da categoría ou tipo de unidade.

Xuño 2019 opción B

4. Comenta as tres formas **se** que aparecen no texto (en **grosa** no texto): indica a que clase e subclase de palabra pertence cada unha delas e o tipo de oración que introducen ou de que forman parte. [1 punto]

a) *Non sei se todo o que acabo de describir vos soa*

b) *exemplo de premonición literaria ou, se se prefire, evidencia autorial*

Criterios CIUG xuño 2019 opción B

Pregunta 4: 1 punto

Asígnanse 0'30 puntos ao comentario de cada unha das dúas primeiras formas (*se1*, *se2*) e 0'40 ao *se3*. A puntuación distribúese a partes iguais entre a identificación da (sub)clase de palabra e do tipo de oración.

- *Se1*: conxunción completiva; introduce or. subord. subst. de CD.
- *Se2*: conxunción condicional; introduce or. subord. adv. condicional.
- *Se3*: pronome persoal marcando unha oración impersoal (ou pasiva reflexa).

Setembro 2018

Aprendía galego nas clases de Francisco Carballo, no xermolo da Asociación de Veciños do Calvario, clandestina, **como todo o que era interesante daquela**. Lendo as *Memorias* de Balbino

puiden saborear fermosas palabras, "mouro", "enfarruscar", lambonadas que nos ofrecías. Se *Memorias dun neno labrego* é un dos libros galegos máis difundidos polo mundo adiante, se foi traducido a dezaseis linguas, se segue emocionando a lectoras e lectores de países tan distantes como China ou Alemaña, é por falarnos de cuestións universais, das **inxustizas e de como afectan á infancia**, das ledicias dun neno por pequenos sucesos, das súas penas nun mundo que ás veces resulta hostil.

4. Repara nas construcións *como todo o que era interesante daquela e de como afectan á infancia* [1 punto] e

- a) Explica as diferenzas sintácticas e de significado existentes entre unha e outra.
- b) Sería posíbel substituír nalgún caso *como* por *coma*? Xustifica a resposta.

CRITERIO CIUG 1 punto. Outórganse 0.25 puntos pola identificación das diferenzas sintácticas (comparativa vs. interrogativa), 0.25 polas de significado (comparación vs. pregunta); 0.25 pola identificación da substitución de *como* por *coma* na construción a); e 0.25 pola súa xustificación.

OPCIÓN B) *Cando chega á casa despois do curso de calceta recibe un Manuel rosmando porque non está a cea. Rosma aínda máis, está claro, porque non está ela. Matilde entra pola porta coa súa bolsa enorme da que saen as agullas e unhas las de cores.*

-E agora isto vai ser un costume ou que -funga o Manuel desde a cociña.

-Todos os xoves de oito a nove. Curso de calceta. Xa cho dixera. Lévame vinte minutos chegar a casa desde a asociación veciñal. Por iso son as nove e vinte e estou na casa.

-Falou o cuco do reloxo! Pois son as nove e vinte e xa teño unha fame negra, que para iso boto o día eslombándome na obra.

-A cea está sen cociñar. Só me levará quince minutos. Pero preciso outros cinco para cambiar de roupa.

-Pois veña, Brancaneves, bulindo.

-Quererás dicir Cinsenta.

O Manuel queda pampo na porta da cociña.

Indica a función sintáctica na oración das frases resaltadas en azul no texto: un Manuel rosmando porque non está a cea, un costume, unha fame negra, outros cinco, Cinsenta. [1 punto]

CRITERIO CIUG: 1 punto. Outórganse 0.20 puntos por cada función sintáctica correctamente identificada: *un Manuel rosmando porque non está a cea*: suxeito; *un costume*: atributo; *unha fame negra*: complemento directo; *outros cinco*: complemento directo; *Cinsenta*: Complemento directo. Daranse por válidas terminoloxías equivalentes.

Xuño 2018

OPCIÓN B) Identifica a función sintáctica que desempeñan dentro da oración os fragmentos en grosa no texto: **A carón desa enorme superficie alzáse a cheminea da central térmica. Non é esta obviamente un prodixio para Galicia pois trátase dun dos aparellos industriais máis contaminantes de Europa que mesmo chegou a custar a vida a varias persoas polos seus letais efectos na atmosfera... Ademais da cheminea destacan as catro torres de refrixeración, enormes cilindros que emiten de forma constante vapor de auga (este non é contaminante) á atmosfera.**[1 punto]

CRITERIO CIUG: 1 punto. Outórganse 0.25 puntos por cada función sintáctica correctamente identificada.

Setembro 2017

OPCIÓN A) No texto aparece dúas veces a forma **che** con dous valores claramente distintos.

Coméntaos explicando por que son diferentes. [1 punto]:

-eu non **che** teño a culpa de que alucines coa túa nai e co que pasa!

-Vou**che** solucionar o teu problema de vez

CRITERIO CIUG: Outórganse 0'50 puntos pola explicación dos valores semántico-pragmáticos que se expresan co uso de cada unha das dúas ocorrencias da forma *che* propostas. Non se esixe o emprego dunha terminoloxía técnica precisa (e.g., dativo de solidariedade, dativo posesivo), pero si unha explicación clara dos valores que achega o uso do *che* en cada caso.

Xuño 2017

OPCIÓN A) *Poucas cousas hai máis duras que a vida dun gastrónomo.* Podería esta comparativa de superioridade construírse cun nexo distinto de "*máis ... que*"? Cal sería? Xustifica a resposta e escribe, se é o caso, como quedaría a oración. [1 punto]

CRITERIO CIUG: Pola identificación da posibilidade de construír esta comparativa de superioridade co nexo *máis ... ca*, 0'50 puntos. Pola explicación desa dupla posibilidade, 0'50 puntos.

OPCIÓN B) Analiza sintacticamente a seguinte oración: *Carmela arrodeou a muralla empoleirada na cabina da súa máquina.* [1 punto]

CRITERIO CIUG: Valorarase a correcta identificación das funcións oracionais e das categorías ou unidades sintácticas que as desempeñan. Admítase calquera modo de representación da análise así como as diversas terminoloxías, sempre que se empreguen de xeito coherente.

Ítems de referencia na corrección (ata 0'20 puntos cada un deles):

1. *Carmela*: N/FN – Suxeito
2. *Arrodeou*: Verbo – Predicado (ou Núcleo da FV-Predicado)
3. *A muralla*: FN – CDirecto
4. *Empoleirada na cabina da súa máquina*: FV/Or.part./FAdx – Compl. Predicativo (para a análise CCirc Modo, vid. infra)
5. *Na cabina da súa máquina*: FP – CCirc Lugar (de empoleirada, non de arrodeou) / Modif. (de FAdx.)

Dos 0'20 puntos de cada ítem, 0'15 outórganse pola correcta identificación das funcións e 0'05 pola correcta identificación das categorías ou tipos de unidades. Pola análise de *empoleirada na cabina da súa máquina* como CCirc Modo, 0'05.

Xuño 2016

OPCIÓN A) Fíxate nas catro formas que marcadas. Identifica o tipo e subtipo de palabra que é cada unha delas (ex., conxunción disxuntiva) e o tipo de oración que cada unha delas introduce. [1 punto] ... *veu un home risoño, novo pero traxado, que lle preguntou qué pasaba. O pintor díxolle que era pintor, que viñera alí con permiso...*

Criterio CIUG: Outórgase 0'25 puntos por cada forma ben comentada: 0'10 puntos pola identificación do tipo de palabra e 0'15 polo tipo de oración.

-1º que: pron. relativo, oración subordinada adxectiva/relativa;

-2º qué: pron. interrogativo, oración subordinada substantiva/completiva (interrog. indirecta);

-3º e 4º que: conxunción subordinativa/completiva, oración subordinada substantiva/completiva.

OPCIÓN B) Analiza sintacticamente as dúas seguintes frases: [1 punto]

- a) *O fenómeno da morte das linguas*
b) *O patrimonio inmaterial da humanidade*

Criterio CIUG: Outórganse 0'50 puntos por cada frase ben analizada. Admítense as diversas terminoloxías e formas de representación gráfica de análise habitualmente empregadas, sempre que se usen de xeito coherente. Resérvanse 0'20 puntos en cada caso para a correcta identificación distinta da estrutura xerárquica dos modificadores das frases:

- *das linguas* complementa a *morte* e *morte das linguas* a *fenómeno*: [fenómenoN [da morte [das linguas]]];
- *inmaterial* complementa a *patrimonio* e *da humanidade* a *patrimonio inmaterial* [[patrimonioN inmaterial] da humanidade].

Os restantes 0'30 puntos de cada análise outórganse pola adecuada identificación de funcións (determinante, núcleo, modificadores) e tipos de unidades (frases e palabras).

Xuño 2015

OPCIÓN A) Constrúe cadansúa oración que, comezando sempre pola secuencia **Buscamos en primeiro lugar...**, conteña respectivamente: a) unha completiva de CD; b) unha concesiva; c) unha oración de relativo; d) unha causal que non vaia introducida por porque. [1 punto]

Criterio CIUG: Outórganse 0'25 puntos por cada oración ben construída coas características requiridas.

OPCIÓN B) Identifica a función sintáctica que desempeña cada unha das seguintes frases dentro da oración en que aparecen no texto:

- Acostumarse é **o primeiro paso para desentenderse..**
- Palestina, **eternamente violentada**, soporta con cruel intensidade...
- Irán, a punto de converterse **nunha teocracia nuclear**, esperta en Israel...
- evitar **aos nosos fillos** o horror da guerra...
- temos que interpelar con firmeza **aos nosos respectivos gobernos ...** [1 punto]

Criterio CIUG: Outórganse 0'20 puntos por cada función sintáctica ben identificada. Admítense as diversas terminoloxías habitualmente empregadas, sempre que se usen de xeito coherente.

- o primeiro paso para (des)entenderse Atributo ou predicado nominal [non se acepta SU]
- (Palestina,) eternamente violentada, (soporta) Complemento predicativo (de SU) [tamén se acepta Modif. de Palestina; non se acepta CIRC de Modo]
- (converterse) nunha teocracia nuclear Complemento/obxecto preposicional (de réxime) / suplemento
- (evitar) aos nosos fillos (o horror da guerra) Complemento (ou Obxecto) Indirecto
- (interpelar) aos nosos gobernos Complemento (ou Obxecto) Directo

Xuño 2014

OPCIÓN A) Analiza cada unha das cinco formas que subliñadas no texto, identificando o tipo de oración que cada unha delas introduce. [1 punto]

- Ás veces me pregunto por **que** eu non son
- Agardar con paciencia **que** baixen as augas
- Eu non son daquelas **que** cantan ás flores e ás pombas xa o sei
- Nin o podo arrincar **que** arrincaría a alma
- Prendería o lume **que** me queima por dentro

Criterio CIUG: Outórganse 0,20 puntos por cada forma ben analizada (0,10 pola identificación do que e 0,10 pola identificación do tipo de oración).

1. *Pregunto por que eu non son*: Pron. interrogativo + oración subordinada completiva de CD
2. *Agardar que baixen as augas*: Conxunción + oración subordinada completiva de CD
- 3/5. *Daquelas que cantan / o lume que me queima*: Pron. relativo + oración subordinada adxectiva ou relativa
4. *Que arrincaría a alma*: Conxunción + oración subordinada adverbial causal

OPCIÓN B) Fíxate ben: *Por que non manter esa información vital?* e *Estamos seguros que esa*

bagaxe non nos vai servir no futuro? son oracións interrogativas de dúas clases distintas. Que diferenzas hai entre un e outro tipo de interrogacións? [1 punto]

Criterio CIUG: A pregunta refírese á contraposición entre interrogativas totais e parciais. Non se esixe, porén, o uso desta terminoloxía. Agárdase que o alumno/a sexa quen de articular unha reflexión metalingüística para explicar as diferenzas existentes entre as dúas maneiras de que dispón para facer preguntas — diferenzas tanto de forma (presenza/ausencia de partículas interrogativas) como de uso ou función (que tipo de preguntas se fai –e de respostas se dá– con cada unha delas). Outórgase a razón de 0'50 puntos por cada tipo, aínda que é de esperar unha resposta integrada para ambos.

Setembro 2014

OPCIÓN A) Indica a que clase de palabra corresponde cada un dos cinco nexos destacados no texto e identifica o tipo de oración que cada un deles introduce. [1 punto]

- o derradeiro día **que** pasamos na nosa casa
- Eu non sabía **que** contestarlles...
- xa che expliquei **que** cada maleta non pode levar
- Dez quilos, quince todo o máis, **porque** as cousas de Naima seguro que pesaban menos
- o que non me cabería nela **aínda que** fose enormísima

Criterios CIUG: Outórganse 0,20 puntos por cada forma ben analizada (0,10 pola identificación da clase de palabra e 0,10 pola do tipo de oración).

- Que = pron. relativo + or. subord. adxectiva/relativa
- Que = pron. interrogativo + or. subord. complet. de CD
- Que = conxunción + or. subord. complet. de CD
- Porque = conxunción + or. subord. adverbial causal
- Aínda que = conxunción (ou loc. conx.) + or. concesiva.

Admítense as diversas terminoloxías ao uso e non se require un absoluto detalle ou precisión terminolóxica (e. g. *_que* [1] é un pronome que introduce unha oración de relativo ' sería unha resposta correcta).

Xuño 2013

Analiza sintacticamente a primeira oración do texto: *Durante bastante tempo camiñamos en silencio por un carreiro costento, pedregoso e sen sombra.* [1 punto]

Criterio CIUG: Valorarase a correcta identificación das funcións oracionais e das categorías ou unidades sintácticas que as desempeñan. Admítense calquera modo de representación da análise así como as diversas terminoloxías, sempre que se empreguen de xeito coherente. Ítems de referencia na corrección:

1. Durante bastante tempo: FP – CCIRC Tempo
 2. Camiñamos: Verbo - Predicado (ou Núcleo da FV-Predicado)
 3. En silencio: FP – Complemento predicativo (tamén se admite a súa análise como CCIR Modo) 4.
- Por un carreiro costento, pedregoso e sen sombra: FP – CCIR Lugar
- Pola correcta identificación das funcións: 0,80 puntos = 0,20 por cada ítem.
- Pola correcta identificación das categorías ou tipos de unidades: 0,20 puntos = 0,05 por cada ítem.

Setembro 2013

OPCIÓN A) Identifica o tipo e subtipo de oración subordinada que introducen as cinco formas **que** destacadas no texto. Indica en cada caso se o **que** é un pronome relativo ou unha conxunción.

- con ollo atento e pluma fácil, **que** hai na localidade turca de Kangal
- onde viven uns peixes **que** sandan unha enfermidade da pel
- nas escamas de pel morta, **que** tanto abundan nas zonas afectadas
- non nos deixa ver con claridade **que** hai outro mundo
- Endemais, **que** dúas culturas tan separadas como a chinesa e a otomá 16 procurasen solucións

Criterio CIUG: Outórganse 0,15 puntos por cada oración ben identificada e 0,05 pola correcta

identificación de cada que como pronome ou conxunción. No caso de clasificacións parcialmente incorrectas (e.g., identificación da completiva de SU como de CD), 0,10 puntos. No caso das oracións adxectivas ou relativas non se require a identificación do subtipo (aínda que unha é especificativa e a outra explicativa). Admítense as diversas terminoloxías en uso, sempre que se empreguen de xeito coherente.

OPCIÓN B) Compara as construcións coordinadas dos seguintes exemplos; repara nos seus nexos: [1 punto]

a) *perfectamente conectados ao facebook, twiter e outras redes sociais*

b) *as redes sociais e os blogs e as webs e os podcast e instagram e youtube e e...*

c) *a sociedade actual, chea de información, coñecedora de todos os datos*

Criterio CIUG: Pola identificación do tipo de coordinación (copulativa) común a todas elas, 0,25 puntos. Polo comentario dos tres tipos de uso dos nexos, 0,75 puntos. Espérase unha descrición/caracterización deses distintos usos, sen necesidade de empregar terminoloxías especializadas do tipo coordinación asindética ou polisindética.

Para calquera dúbida, este é o meu correo: bertadivina@hotmail.com